



C . D . A s P o n t e s

Victoria ante o At. Arteixo. Os locais non tiñeron, o pasado 15 de xaneiro, problemas para vencer o Atlético Arteixo que voltou a demostrar que ten un equipo moi novo e que acusa a súa falla de experiencia nesta categoría da Rexional Preferente. Os visitantes xogaron ben durante a primeira parte, pero nunca chegaron con auténtico perigo máis aló do medio do campo. Malia o claro dominio local, ata que se producía o gol de Pedro a media hora de xogo parecía que os nervios podían chegar a facer estragos nos homes de Germán Amil, que estaban tardando demasiado en abrir o marcador. Con este gol seguiron chegando as ocasións claras para o As Pontes aínda que os seus xogadores non eran quen de acadar o tanto da tranquilidade. Demasiadas xogadas estériles que non eran capaces de traspasar o entramado defensivo do At Arteixo. Tivo que ser xa na segunda parte, cando se ía cumprir o cuarto de hora, cando Pedro fixo por fin o dous a cero. Con este tanto practicamente pechouse o partido, toda vez que o equipo da casa xa non arriscou máis e mantivo todo o que puido a posesión para evitar unha sorpresa de última hora mentras que, pola súa banda, o Arteixo tampouco amosou ter capacidade de reacción. O gol de Seco no minuto noventa chegou demasiado tarde para ter evitado a inqueda que mantuvieron os ocupantes da grada do Poboado durante boa parte do encontro.

Victoria en Chantada. O con-

xunto de Germán Amil desprazouse o pasado 29 de xaneiro a Chantada cunha plantilla que non contaba nesta ocasión con varios dos seus xogadores: Aguado, Seo, Manel e Seco, o que non influeu demasiado no resultado final do choque disputado en O Sangoñedo. O CD As Pontes adiantouse no marcador da man de Rubén, que logrou o primeiro tanto da plantilla. Os do CD As Pontes controlaron o encontro dende os primeiros minutos do partido, anque pouco a pouco éste foise facendo máis disputado. A superioridade do conxunto visitante fixose patente a partires da segunda metade, tempo no que se anotaron os tres goles cos que finalizaría o choque. Ó tanto marcado por Rubén habería que engadirlle o acadado por Pedro 20 minutos despois de que o fíxese o seu compañe ro de equipo

Terceira victoria consecutiva ante o Sada. O C. D. As Pontes confirmou a liña ascendente das últimas xornadas e venceu cómodamente ó Sada por 3-1. O equipo pontés foi moi superior ó vicelíder, e sumou así a terceira victoria consecutiva. O partido púxoselle de cara de contado ós locais, cun gol do xuvenil Alonso ós seis minutos. Co marcador favorable, os da casa xogaban cómodos, sen arrisca-las posesións, e moi ben asentados na zaga. Faltou tan só algo máis de ambición para ter acadado un segundo gol que puidese apuntala-lo resultado. O que non perdeu nunca foi o sitio o clube pontés, que así puido ter, por unha vez, unha pri-

meira parte prácida, sen que o porteiro Marcos se vise inqueda en ningún intre. O único susto chegaba xa no último Co inicio da segunda metade comprobaríamos que un dos males dos de Amil aínda latexaba. Unha falta lateral propiciou un testarazo de Pablo que significou o empate. Esta acción, ós 50 minutos evidenciaba unha vez máis os problemas de concentración nas marcas a balón a parado. Pero definitivamente as cousas ían seguir por bo camiño, o que quedaría patente ó ve-la capacidade de contragolpear con perigo dos vermellos. Semellaba atoparse a gusto o As Pontes, ben armado atrás, ó ter que dete-las acometidas dun Sada ó que logo sorprendían con transicións moi veloces. E así chegou axiña o 2-1. Rubén culminou unha boa contra iniciada por un dos destacados, Seco. De aquí ó final estiveron sempre máis perto do 3-1 ca do 2-2, e se o gol non chegou foi pola mala puntería de Grueiro e Pedro en sendas ocasións. O 3-1 fíxose agardar ata o minuto 80, cando Seco cabeceou no primeiro pau o tanto da tranquilidade. O mesmo seco ós 84 minutos e Pedro ós 93 puideron face-lo cuarto gol, pero o marcador xa non se movería. No favor dos locais hai que salienta-la rigorsa expulsión de Dopico xa no minuto 95. Os ponteses fican así con serias opcións a subir postos na clasificación posto que a separación entre o As Pontes e o cuarto equipo é de cinco puntos.

O Esteo, Fútbol Sala

Triunfo ante o Villamartín. O Esteo venceu en Ourense por 3-5 ó Villamartín, nun partido no que tivo que agradar moito para saca-lo xusto premio ó seu dominio. O grande mérito do Esteo foi non poñerse nervioso e xogar con calma na busca do tanto, malia recibi-lo 2-0 mediada xa a segunda metade. Nos últimos seis minutos á fin chegaron os goles, e unha vez aberta a lata os ourensáns víronse obrigados a saír da cova, e aí con espazos o Esteo non perdonou. Ó final ata deron certa impresión de suficiencia facendo cinco goles.

Victoria ante o Pub Cotton. O Esteo acadou o sábado 28 de xaneiro a decimocuarta victoria, o que lle garante liderar unha semana máis a táboa na Primeira B. Venceu ó Pub Cotton volvendo a acadar tres puntos. Nun partido que na primeira parte semellaba complicarse. Os de Noia demostraron que están en franca melloría, e no primeiro período aguataron as acometidas locais e contragolpearon con perigo. Anque a superioridade dos de Javi Saa os facía merecedores de irse con vantaxe clara ós vestiarios, tan só se levaron un gol cun 2-1 de parcial. Na segunda parte co 8-2, a goleada

puido ser maior de non media-la relaxación propia de quen se sabe gañador. Cada equipo faría un gol máis cando o partido xa se rompería definitivamente.

Reforzo do liderato en Redondela. O encontro non podía empezar mellor para os de As Pontes que abrían o marcador no primeiro minuto con gol de Sergio. Estaban a xogar moi cómodos diante do inoperante empurre dos pontevedreses ata que David fixo o empate mediado o primeiro período. Este gol non amilounou ós de Javi Saa que abriron xa distancia con dous tantos de Juan e un de Óscar para poñerse cun cómodo 1-4. A mágoa foi que no último segundo encaixaron unha diana que volvía meter no partido ós redondeláns. O golpe de gracia puido chegar co 2-5 que facía Anxo no primeiro minuto da reanudación, pero os locais non estaban dispostos a deixar escapar uns puntos que os podían volver poñer na pugna polo ascenso. Un gol de Óscar para o Redondela puxo o 2-6 logo do que o partido entraría noutra fase. O final un definitivo 8-9 demostra que foi nun partido espectacular.

Éxito para el Silex en el Trofeo Concello de As Pontes

La intensa nevada caída a finales de enero no impidió que se celebrase el Trofeo Concello de As Pontes, puntuable para el Campeonato Europeo puesto que la Federación Española lo seleccionó como una de las pruebas en las que se fijará para realizar la selección de cara al próximo Campeonato de Europa. De esta forma, los responsables federativos tendrán en cuenta las puntuaciones que los arqueros consigan en esta competición para la confección de la futura selección española que participará en la cita continental de este año. No es, por supuesto, la única, pero sí da una idea de la representatividad que le otorga la Federación dentro del panorama gallego de la disciplina. Con esta decisión, este trofeo se convierte en doblemente trascendente, puesto que ya tenía la condición de última Tirada Postal en

sala del calendario en Galicia, lo que ya aseguraba una amplia participación. Así, los tiradores que todavía no habían firmado su participación en el Campeonato de España -aún tendrían la posibilidad de hacerlo formando parte de la selección autonómica- disponen así de una nueva oportunidad. Sólo los militantes del club Lumelar ourensano y los arqueros asturianos no pudieron acudir a la cita. El Silex logró colocar a dos de sus mejores arqueros en el podium de la competición, que tuvo lugar en el pabellón de A Magdalena. De este modo, Gemma Buitrón se hizo con la medalla de oro en la categoría junior, mientras que Rocío Montálvez hacía lo propio en benjamines. Serxio Buitrón, alcanzó la segunda posición en alevines por detrás de un arquero de A Garrocha.

C . Rugby Fendetestas

Victoria ante o Arvo. O Fendetestas venceu a domicilio ó Arvo de Ourense, nun partido que afianza o liderado pontés na Segunda División e que lles permite deixar atrás a un rival directo polo ascenso. O encontro estivo marcado polo falecemento en accidente na noite do sábado de Jose Rego, xogador do equipo pontés nos últimos anos, que agora non estaba en activo. O factor anímico influíu na saída fría do Fendetestas, que se viu embotellado no primeiro cuarto de hora, no que cometeu numerosos golpes de castigo. Isto serviu ós ourensáns para abrir brecha no marcador cun parcial de 6-0. A reacción tardou en chegar, pero foi suficiente con empezar a gañar balóns na dianteira para surtir a unha liña de tres cuartos que conseguiu que as xogadas culminasen en campo rival. Deste xeito, os locais non tiveron a opción de tirar a paos, e sufriron a súa propia medicina coa transformación de Kiko, que acurtou as distancias ó 6-3. Mentres nas melés se libraba unha dura guerra polo control do oval, nas touches o dominio pontés foi insultante, e precisamente dun saque de lateral partíu a xogada do primerio ensaio, conseguido por Antón e que permitíu que o Fendetestas se fose con vantaxe ó descanso. Un novo golpe de castigo convertido por Kiko abría xa as diferencias diante dun Arvo que non era quen de pisar campo pontés coa posesión do balón. No minuto vinte chegou un ensaio de Álvaro -que transformou Kiko-, que xa deixaban o tanteador nun 6 a 18, que semella-



ba vantaxe definitiva. Achegáronse os locais con outro golpe que situarían o marcador no resultado final de 9 a 18 puntos.

A victoria no derbi ante o Almallo da o ascenso ó Fendetestas. O Fendetestas certificou o ascenso á Primeira Autonómica, logo de asegurarse o título de Segunda a dúas xornadas para a fin da liga. A victoria en Ferrol ante o Almallo por 5-30 produciuse logo dun encontro no que os do Fendetestas foron superiores en todo intre ós locais. Especialmente nunha primeira parte na que os visitantes acumularon xa vinte puntos de vantaxe. En boa medida gracias a outra saída fulgurante do Fendetestas, que lle permitíu disipar calquera dúbida dende o arranque. A forte presión sobre os departamentais obrigou a estes a cometer erros que facilitaron a chegada dos primeiros ensaios. O Almallo quedaba sen opcións ó non ser quen de dominar nas fases estáticas, das que podía partir con vantaxe por un maior peso no paquete, e os tímidos avances na tres cuartos eran sempre cortados con boas placaxes da cobertura visitante. Na

reanudación, un novo ensaio e golpe de castigo dos de As Pontes tiveron resposta no único ensaio ferrolán, que deixou xa o marcador no definitivo 5-30. A nota máis emotiva do encontro foi o fermoso detalle do Almallo, que entregou ós seus contrincantes unha placa de recordo a Jose Rego, recentemente falecido en accidente de tráfico. Jose xogaba no Fendetestas, e militara tamén unha tempada no Almallo, e os dous equipos compartiron abrazados un minuto de silencio. Polo Almallo xogaron Julián, Jesús, Villa, Soto, Bruno, Nano, Mario, Cobi, Álvaro, González, Fran, Ángel, Pipe, Borja, Dani, así coma Borxa e Enrique. No Fendetestas fixérono Toño (Xose), Moncho, Alberto, Miguel, Andrés, Gallardo, Mariño, Moeche, Flecha, Kiko, Antón, Tito (Sergio), Lois, Manolo (Kike), e Álvaro. Neste derby estaban sobre o terreo de xogo sete dos xogadores que se uniron ó equipo na campaña de captación do mes de outubro: Borja, Pipe, Bruno, Dani, Ángel, Mario y Borxa, sendo para os catro últimos a súa primeira actuación no equipo senior.

Ismael Veiga recibe los premios por sus tres títulos gallegos

Ismael Veiga recibió el sábado 21 de enero el reconocimiento de todo el motociclismo autonómico a una temporada extraordinaria por acumular tres títulos gallegos durante el mismo ejercicio. Ismael Veiga del Moto Club Sport As Pontes, de tan sólo trece años empezó a pilotar con tan sólo cuatro años en Valdoviño, cuando iba a casa de sus abuelos y, desde los ocho años lleva demostrando en las competiciones las excepcionales condiciones que posee con victorias en todas las categorías. El piloto se llevó tres premios en la gala que la Federación Gallega de Motociclismo hizo en la discoteca Nova Olimpica de Vigo. La promesa del MC Sport recogió los galardones correspon-

dientes a sus títulos en los Campeonatos Gallegos de motocross juvenil, de supercross juvenil y de supercross cadete-juvenil. En esa misma gala Fran Maceira, presidente del Moto Club Sport de As Pontes, recibió el galardón que le reconoce como el campeón gallego de supercross juvenil por equipos. Ante la superioridad que Ismael Veiga exhibe en el calendario gallego, el MC Sport se plantea el salto al campeonato nacional juvenil de motocross. En el circuito del 2005 ya disputó la carrera de Valladolid, donde logró un décimo puesto. El objetivo en el recién estrenado 2006 pasa por disputar el calendario nacional juvenil de motocross completo.

